

RETIDA NO SEU DOMICILIO DESDE HAI MÁIS DUN ANO

As forzas policiais marroquinas agriden novamente a activista saharai Sultana Khaya

9/12/2021

Sultana Khaya foi agredida máis unha vez polas forzas policiais de Marrocos, segundo informa a Asociación IAJUWS.



Sultana Khaya

As forzas policiais marroquinas agrediron novamente a activista saharai Sultana Khaya que está retida no seu domicilio desde hai máis dun ano sen mandado xudicial e é sometida a constantes ataques. Así o denuncia a **Asociación Internacional de Xuristas polo Sáhara Occidental** (IAJUWS)

Segundo a Asociación, no nacer do día 5 de decembro, as forzas policiais marroquinas entraron violentamente máis unha vez no domicilio de Sultana Khaya na cidade saharai de Bojador para a golpear e estrupar.

En El Aaiún, unha concentración en que participaban activistas como Aminatou Haidar, terminou con cargas policiais o domingo por as persoas congregadas teren coreado lemas en apoio do dereito á autodeterminación do pobo saharai.

IAJUWS lembra que Marrocos ten a obrigaón de cumprir o Convenio de Xenebra. O caso de Sultana Khaya xa está no Ministerio de Igualdade e na ONU.

RTVC